



CANTO PESA A CULTURA?

TEXTO Marcos Lorenzo

L

POIS ARREDOR DUN 2%. ISO REPRESENTABA EN 2011 a facturación do sector cultural no conxunto da economía galega. Alguén pode pensar que non é para tirar foguetes... pero tampouco nos achiquemos. De feito, segundo un informe do Consello da Cultura e a Zona Franca de Vigo, ese 2% era en 2007 superior ao peso no PIB de sectores tan emblemáticos como a pesca, a industria téxtil ou a química.


Analizando datos actuais, observamos que a cidadanía galega destina a bens e servizos culturais tamén un 2% da súa renda dispoñible. Co cal a regra de tres (ou do dous) semella limpa e elegante. Porén, se falamos do emprego xerado polo sector cultural, a porcentaxe xa ascende a un 2'8%. E pola contra, se

atendemos ao gasto liquidado en cultura pola Xunta de Galicia terémonos que conformar cun pírrico 1'2%. Repitámolo: xeramos un 2'8% do emprego da Comunidade e recibimos da Xunta un 1'2% do seu orzamento. Está demasiado subvencionada a cultura? Pódese dúbidar.

Por suposto ese 2% non resume o papel que a cultura ten nas nosas vidas. Por citar un exemplo, un 60% dos galegos escoita música a diario. Porque unha cousa é o uso e o goce da cultura e a súa relevancia social, e outra a súa tradución económica. O conto é que este artigo trata xustamente das cifras do sector cultural galego, con especial atención aos indicadores económicos, e a iso nos ímos aplicar.

Algúns datos de actualidade

A continuación mostraremos a evolución recente das principais magnitudes económicas da cultura en Galicia. A comezar polo emprego xerado.



Fonte: INE. Enquisa de Poboación Activa. Medias anuais. Elaboración propia.

Seguindo o debuxo da curva, podemos ver como o emprego sofre unha caída espectacular entre 2009 e 2012 (pérdese un terzo), coincidindo cos anos de maior crueza da crise, para recuperar parte do terreo perdido en 2013 e 2014. Parte desa recuperación ten que ver, ao noso xuízo, coa extraordinaria resiliencia do emprego cultural. As persoas que traballan en cultura adoitan priorizar a realización persoal sobre o afán de lucro, adaptándose a contextos laborais desfavorables. De feito, un dos riscos históricos do mercado laboral da cultura é o da precariedade, con abundancia de contratos temporais (máis acentuado no caso de Galicia) e presenza de economía somerxida. Este escenario desregulado, de escaseza de dereitos laborais, prodúcese nun sector onde as administracións públicas ocupan a posición dominante (como clientes ou promotoras). Paradoxos da vida.



Fonte: INE. Directorio Central de Empresas. Elaboración propia.



O número de empresas culturais é o indicador que semella ter resistido mellor aos embates da crise económica. De feito, entre 2009 e 2014 a tendencia é dunha estabilidade ascendente. E sen embargo ten algo de ilusión óptica que agocha outra realidade. Se ben é certo que o número de empresas permanece constante ou medra, o seu perfil varía substancialmente, coa desaparición de boa parte das empresas medianas, aquelas que xeran máis emprego, e a súa substitución por microempresas de 0 a 5 asalariados. En 2008 había 20 empresas en Galicia con 100 ou máis asalariados. En 2013 xa só ficaba a metade. Diríase que a atomización do tecido empresarial da cultura se está a acentuar. E tamén se diría, en contrapartida, que moitos dos asalariados de antes da crise optaron agora pola vía do autoemprego.



Fonte: INE Enquisa de Orzamentos Familiares Base 2006. Elaboración propia.



Mentres tanto, os consumos culturais da poboación diminuíron nun 33% ao longo desta serie temporal, pasando dun agregado anual para Galicia de 824 millóns de euros en 2008 a 548,6 millóns de euros en 2014. As caídas porcentuais para España son similares, se ben partindo de niveis superiores (260'1 € por persoa en 2014) e con algunhas diferenzas significativas na súa composición interna. Case a metade do consumo galego dedícase a equipos audiovisuais e informáticos, e o destinado a servizos culturais é dun 27,4%, lonxe do 35,2% da media española. Ademais, entre 2007 e 2013 descendeu en Galicia un 47% o gasto en asistencia a espectáculos por un 33% no Estado. Conclusión: gastamos menos en cultura e facémolo máis en aparellos domésticos que en entradas para o cine ou en compras de libros (e a crise reforzou ese trazo).



Fontes: MECD. Estatística de Financiamento e Gasto Público en Cultura, MHAP. Estatística de Liquidación dos Orzamentos das Comunidades Autónomas, MHAP. Estatística de Liquidación dos Orzamentos das Entidades Locais. Elaboración propia.

Con todo, será no gasto liquidado en cultura polas administracións galegas onde atopemos os resultados máis rechamantes. A Xunta de Galicia dispuña en 2008 dun orzamento en cultura de 167 millóns de euros. En 2013 eran pouco máis de 67 millóns. Un afundimento do 59,7% que contrasta co descenso dun 12% aprox. nos orzamentos xerais autonómicos, e que supera en 10 puntos os recortes aplicados pola media das Comunidades Autónomas. No que respecta ás administracións locais (Deputacións e Concellos de máis de 5.000 habitantes), a caída foi menos brutal, dun 36%, cinco puntos menos que na media das administracións locais españolas. Así e todo, en termos absolutos a redución é de 73 millóns de euros entre a anualidade máis favorable (2008) e a última da que temos constancia (2013).

Entre ambas administracións galegas, autonómica e local, recortaron as súas partidas dirixidas a cultura en 173 millóns de euros. Se lle sumamos o descenso nos consumos culturais da poboación e a práctica desaparición dos patrocinios culturais das caixas de aforros (un dos principais axentes do sector cultural galego que de súpeto se evaporou), veremos como a día de hoxe se inxectan na cultura galega case 500 millóns de euros anuais menos que en 2008, o que non só ten un enorme impacto cuantitativo senón que implica un salto cualitativo e unha reconversión cara outro modelo. Un modelo que pasará, moi probablemente, por un menor papel do sector público, por unha maior iniciativa privada ou social, pola necesidade de reforzar a conexión cos públicos e coas comunidades, pola esixencia de maiores doses de profesionalidade e por unha maior cooperación entre axentes (en Galicia e co exterior).

Un dos riscos históricos do mercado laboral da cultura é o da precariedade, con abundancia de contratos temporais e presenza de economía somerxida.

Diríase que a atomización do tecido empresarial da cultura se está a acentuar. Moitos dos asalariados de antes da crise optaron agora pola vía do autoemprego.

Algunhas características diferenciais

Unha parte moi relevante das estatísticas culturais mostran para Galicia uns valores e comportamentos similares aos da nosa contorna. Sen embargo tamén atopamos certas diferenzas que nos imprimen un carácter singular (non sempre positivo, debemos advertir). Dedicaremos esta segunda parte do artigo a repasar aquelas características do sector cultural galego que difiren e destacan a respecto da escena española. A agrupación temática é persoal e subxectiva, atendendo aos datos pero tamén á observación cotiá dun profesional deste campo. Imos aló.

A gratuidade

Un dos primeiros fenómenos a subliñar é o da gratuidade da oferta cultural ou o recurso ao prezo reducido. Segundo datos da SGAE para 2014, unha entrada para unha función de artes escénicas custaba en Galicia unha media de 9'1 € fronte aos 15'4 € de España. En música clásica, a entrada saíanos a 3'2 € polos 8'2 € da media española. E nos concertos de música popular pagabamos 6'1 € fronte a 7'2€. Este diferencial responde, entre outros motivos, a un hábito moi consolidado entre responsables políticos e algúns programadores públicos que consiste en recorrer ao factor prezo como táctica única ou principal de atracción dos públicos. O uso e abuso desa práctica vén sendo denunciado desde hai tempo polo que supón de desvalorización do traballo artístico e creativo, polo seu efecto deseducador entre a poboación e pola competencia desleal que implica para cos operadores privados e sociais.

A Xunta de Galicia dispuña en 2008 dun orzamento en cultura de 167 millóns de euros. En 2013 eran pouco máis de 67 millóns. Un afundimento do 59,7% que supera en 10 puntos os recortes aplicados pola media das Comunidades Autónomas.

O ladrillo

Outro feito diferencial do sector cultural galego fronte a outros territorios é o do predominio histórico dos gastos de capital sobre os gastos correntes nos orzamentos de cultura da Xunta de Galicia. Na actualidade un 45% do gasto liquidado da administración autonómica correspóndese a gastos de capital, cando a media no conxunto das Comunidades Autónomas non acada o 20%. Así e todo, cómpre sinalar que esa proporción foi mingando nos últimos anos (en 2009 era o 73%). A énfase nos gastos de capital garda relación cunha aposta pola construción de equipamentos culturais en detrimento da contratación de profesionais e do deseño e execución de plans culturais á medida das distintas localidades do país. A proliferación de casas e cidades da cultura denota, en termos xerais, unha alarmante ausencia de ideas de política cultural.

A reconversión cara un novo modelo pasará por un menor papel do sector público, unha maior iniciativa privada ou social, pola necesidade de reforzar a conexión cos públicos e coas comunidades, pola esixencia de maiores doses de profesionalidade e por unha maior cooperación entre axentes.

Inercias centrípedas

Hai uns anos, o por entón Conselleiro de Cultura referíase á galega como unha cultura ensimesmada, cousa que provocou reaccións airadas. Pois ben, resulta evidente que o adxectivo é inadecuado se estamos a falar da cultura galega en tanto que comunidade humana. Pero se falamos estritamente do sector profesional da cultura, do conxunto de empresas e institucións que operan neste eido, hai datos suficientes para endosarlle o cualificativo de tímido ou introvertido. A meirande parte da nosa produción cultural está virada cara dentro, pensada exclusivamente para o mercado interior. Entre 2008 e 2013 o valor das exportacións de produtos culturais galegos oscilou entre os 4 e os 6 millóns de euros. Para facernos unha idea, iso supuña arredor do 0'5% das exportacións culturais españolas.

Por outra parte, repasando os datos do turismo cultural, vemos como en 2013 escolleron Galicia como destino só un 1'3% dos turistas internacionais que viaxaron a España e realizaron actividades culturais (e decaendo: en 2008 era o 2'2%). E iso a que se debe? Pois quizás a que aínda non acertamos a mostrar dun xeito atractivo o noso rico patrimonio cultural até convertelo nun reclamo e nunha oportunidade de desenvolvemento. A nosa cultura ten que darse a coñecer no mundo e explicar ben quen somos e o que temos. Fáltanos unha estratexia global.



Dualidade nos hábitos

Os hábitos culturais, ao igual que os consumos, son levemente inferiores en Galicia que na media do Estado. Particularmente acusadas son as distancias en asistencia ao teatro, a museos ou a bibliotecas. Con todo, nos últimos oito anos esas diferenzas fóronse reducindo e a converxencia semella máis próxima. Onde si logramos equipararnos e mesmo superar ás medias estatais son nas prácticas. Hai en Galicia máis persoas que practican fotografía, que escriben ou que tocan un instrumento do que en España. Diríase que nos gusta máis facelo por nós mesmos que ver como outros o fan.

O que máis nos chama a atención, e é unha análise que lle hai que agradecer ao Observatorio da Cultura Galega, é a distribución deses hábitos entre a poboación, máis desigual e polarizada entre nós que en España. En Galicia temos unha porcentaxe máis alta de persoas que nunca realizan actividades culturais (p.e. un 44'4% da poboación afirma non ter visitado nunca un museo, por un 28% en España) e unha minoría con hábitos máis intensivos. Os lectores galegos dedícanlle 126 minutos ao día á lectura, por 111 os lectores españois. Tamén aqueles galegos que escoitan música ocupan máis tempo nesa tarefa.

Incluso no acceso ás novas tecnoloxías se detecta esa dualidade. Galicia é a comunidade autónoma con menor porcentaxe de usuarios de internet (en 2014 un 60% accedera no último mes) e a segunda en que máis nenos e nenas teñen móbil, só por detrás do País Vasco. De igual modo, case un 100% da mocidade accede a internet e só un 25% dos maiores de 65 anos. A fenda dixital é aquí máis profunda. Por certo, dous trazos identitarios do internauta galego: emprega máis a rede para pedir cita no médico e para consultar a previsión meteorolóxica (Meteogalicia é a cuarta páxina galega máis visitada, por diante da Xunta, Abanca ou Zara).

A música e a verbena

Unha das dimensións onde Galicia destaca é na afección á música nas súas diversas manifestacións. Dicíamos antes que a práctica de tocar un instrumento é maior en Galicia que na media española. Pois ben, tamén asistimos en maior medida a concertos de música popular e temos un 8'5% do alumnado de música regrada, moi por riba do noso peso en poboación.

O que é unha verdadeira anomalía no panorama estatal é o gusto popular polas orquestras de baile e toda a industria que se foi construíndo ao seu arredor. A asistencia a «orquestras, festas populares e verbenas» é o maior hábito cultural dos galegos fóra da casa, e a súa importancia segue a medrar. En 2006, un 63,6% dos galegos acudira algunha vez a unha verbena; en 2014 xa era o 73'2%. Ademais, trátase do hábito máis homoxéneo entre a cidadanía, con independencia da idade, estudos, rendas, xénero e hábitat. O mundo da verbena, deixando aparte as evidentes lagoas fiscais que presenta, ten sustentado un dos subsectores culturais de maior facturación, cun emprego estimado de entre 4.000 e 4.500 postos de traballo, e quizás o menos dependente das arcas públicas.

Outro fenómeno a resaltar son as bandas de música, auténticas escolas informais diseminadas por todo o territorio. Se cadra a implantación e traxectoria de ambas, orquestras e bandas, nos estea a falar dunha dinámica cultural propia da comunidade, allea ao *establishment* intelectual e obxecto de desexo para políticos sagaces.

